

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2019/30	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	6 de novembro de 2019
Duración	Desde as 13:34 ata as 13:50horas
Lugar	SALA DE XUNTAS
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES: D. Constantino Cordal Rodríguez, D. Samuel Lago Ozón, D. Xurxo Charlín Trigo e D^a M.^a Cruz Leiro Peña.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión celebrada o día 30.10.2019 (XGL/2019/29)

Dáse conta da acta sesión celebrada o día 30.10.2019.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda deixar pendente a súa aprobación para a próxima sesión.

2.- Expediente 3037/2019. Caducidade licenza para construción de vivenda unifamiliar en Baltar - Castrelo (Promotora: M^a P. P. M.)

Por Decreto do Concelleiro delegado de urbanismo, Número 971, de data 21 de agosto do 2.019, acordouse incoar expediente de declaración de caducidade de licenza para la construción de vivenda unifamiliar composta de soto, planta baixa e piso, no Lugar de Baltar, Castrelo, Tramitada a instancias de dona M. P. P.

MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR (1 para 2)
SECRETARIO
Data de Sinatura: 13/11/2019
HASH:

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0032 Data: 13/11/2019



Cod Validación:
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestora esPublico | Páxina 1 a 13
Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>



duración de su vigencia, tanto en cuanto al comienzo de las obras como en lo que se refiere a la duración de las mismas, la aplicación de la caducidad, como señalan las sentencias de esta Sala de 12 de julio de 1983 y 24 de enero y 10 de mayo de 1985, no debe efectuarse dando por supuesto que ello tenga que producirse con un automatismo ciego, a espaldas de las circunstancias concurrentes, y de la forma en que los acontecimientos se sucedan, puesto que, como declaró la sentencia de 16 de diciembre de 1977, tal caducidad viene a truncar una situación favorable al administrado, no creada por la licencia, sino dimanante de algo preexistente en él, como titular potencial de un derecho subjetivo (el «ius edificando»).

Actualmente, a licenza ten que fixar os prazos para o seu exercicio e, transcorridos estes, pode ser declarada a caducidade nun expediente no que se lle ten que dar audiencia ao interesado. Pois ben, aplicado o anteriormente ao suposto que nos ocupa resulta que: atopámonos en presenza de unha licenza concedida en data 4 de xuño do 2.007, na que non se indican os prazos en que deban iniciarse e finalizarse as obras, non aparecendo tales prazos referenciados nas Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Cambados, aplicables para o outorgamento da mesma. Polo tanto, haberá que acudir á normativa urbanística vixente naquela data, (4 de xuño do 2.007), ou no seu caso á normativa que se ditara con posterioridade. Deste xeito, la normativa vixente á data de outorgamento da licenza á que se fixo mención con anterioridade, ven integrada por la Lei 9/2.002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cal no seu artigo 197, relativo a caducidade das licencias, dispón expresamente o seguinte:

"1. No acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade das licencias de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interrumpirse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite no poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. A caducidade será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado".

Aínda no suposto de que a normativa urbanística, non recollese ditos prazos ou os establecidos non foran aplicable ao concreto caso concreto, a xurisprudencia tense pronunciado a este respecto con reiteración sobre a natureza temporal ou indefinida da licenza, sobre a súa caducidade, sobre os prazos razoables que deben acompañar á vixencia de tales licencias, e, sobre a posible aplicación retroactiva da normativa que prevé ditos prazos aos efectos das licencias que aínda non se executaron e sen risco algún de incurrir nunha retroactividade prohibida. Sobre ditas cuestións resultan clarificadores os criterios recollidos na xurisprudencia que a continuación se pasa a citar:

a)-STS, Sala 3ª, de data 7 de xuño do 2000, (LA LEY 9651/2000), ditada no recurso de casación número 337/1995, que establece ao respecto o seguinte: "Los motivos de casación primero y séptimo deben ser analizados conjuntamente porque en ellos, bajo perspectivas algo diferentes, se sostiene que las licencias de obras concedidas a la sociedad recurrente el 9 de septiembre de 1971, tenían duración indefinida, tanto porque se otorgaron conforme a la Ley del Suelo de 12 de mayo de 1956 (LA LEY 9/1956) que, a su juicio, no permitía que se



prohibición de retroactividad que contempla el artículo 9.3 de la Constitución referida a las disposiciones sancionadoras no favorables o restrictivas de derechos individuales (considerados estos como derechos fundamentales) nada tiene que ver con los derechos incorporados a la licencia".

b)-Os mesmos criterios, xa se foran acollidos pola STS, Sala 3ª, sección 5ª de data 3 de decembro do 1.998, (LA LEY 11175/1998), ditada no recurso de apelación número 8901/1992, ao sinalar que: "Por lo que atañe a la alegación sobre la introducción de un procedimiento para declarar la caducidad de las licencias, que, concedidas en su día, no estaban sometidas a la limitación de caducidad, que ahora se introduce, se hace preciso clarificar varios extremos. En primer término, que la titularidad de una licencia, sin sujeción a caducidad, no comporta que quien ostenta esa titularidad disponga de un derecho perfecto, inmodificable y esgrimible frente al planeamiento futuro. Está en la naturaleza de la licencia el que sea sometida a un plazo de caducidad. La norma que establece el régimen de la caducidad, aunque sea ulterior a su concesión, no hace sino consagrar legalmente un aspecto sustancial de la licencia. En segundo lugar, las "normas complementarias" impugnadas, que regulan este aspecto de las licencias, no tienen efecto retroactivo, pues las limitaciones al régimen de las licencias que en ellas se introducen no incide sobre las licencias cuyos derechos han sido ya ejercitados, sino sobre aquéllas que se encuentran pendientes de ejecución. Finalmente, la prohibición de retroactividad que contempla el artículo 9.3 de la Constitución referida a las disposiciones sancionadoras no favorables o restrictivas de derechos individuales (considerados estos como derechos fundamentales) nada tiene que ver con los derechos incorporados a la licencia. Por todo ello, tampoco el motivo de oposición analizado puede fundamentar el éxito del recurso de apelación..."

La jurisprudencia de esta Sala (véanse, por todas, las sentencias de 2 de Abril de 1982, 26 de Diciembre de 1990 y 10 de Junio de 1997), ha declarado que "está en la naturaleza de la licencia el que sea sometida a un plazo de caducidad", así como que "ha de entenderse que pertenece a la esencia de la licencia, como institución al servicio de la eficacia del planeamiento, la posibilidad de su caducidad".

De dita xurisprudencia resultan resumidamente as seguintes conclusións:

1ª)- Toda licenza debe estar suxeita pola súa propia natureza, contido e finalidade a un prazo de caducidade.

2ª)- A licenza ten unha vixencia temporal e non indefinida.

3ª)- O prazo de vixencia, no caso de non sinalarse na licenza, no planeamento ou na normativa urbanística, debe ser un prazo razoable; podendo tal prazo vir determinado por una normativa posterior á data en que se conceda a licenza si esta aínda non houbera despregado os seus efectos.

Pois ben, unha vez alcanzadas tales conclusións, imponse traer aquí o "iter" no suposto de feito que nos ocupa:

1º)- A licenza para a execución de obras consistentes en "vivienda unifamiliar de soto, pranta baixa e piso", tramitada a instancias de dona M. P. P. M., /EXPEDIENTE NÚMERO 288/2.007), concedeuse por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambados, de data 4 de xuño do 2.007.

2º)- No citado acordo, non se indican os prazos en que deban iniciarse e finalizarse as obras, non aparecendo tales prazos referenciados nas Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Cambados, aplicables para o outorgamento da mesma. Polo tanto, e tendo en



TERCEIRO. _Notificar a presente resolución aos interesado, con expresa indicación de los recursos pertinentes.

Non obstante, o Concelleiro delegado de urbanismo, acordará o que considere pertinente".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. - DESESTIMAR as alegacións presentadas por dona M. P. P. M., a medio de escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, 18 de setembro do 2.019, NRE. 5.712.

SEGUNDO. - DECLARAR A CADUCIDADE da licenza para la construción de vivenda unifamiliar composta de soto, planta baixa e piso, no Lugar de Baltar, Castrelo, Tramitada a instancias de dona M. P. P. M. (Expediente 288/2.007)

TERCEIRO. - Que se notifique a presente acordo á interesada, con expresa indicación dos recursos pertinentes.

3.- Expediente 2043/2019. Licenzas Urbanísticas - Conservac. e mantemento de cuberta na Rúa Isabel II, 9 (Promotora: M^a P. R. Q.)

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0032 Data: 13/11/2019



http://cambados.sedelectronica.gal



EUROPEAN
UNION
DISTRICT
CAMBADOS (SPAIN)



CAMBADOS

1. PETICIONARIO: JOSÉ VILLO R
2. OBXECTO DAS OBRAS: Substitución de carpintería e pintura exterior de vivenda
3. LUGAR DAS OBRAS: Rúa Novedades nº9
4. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 4221/2019
5. DATA DA SOLICITUDE: 08.05.2019

Consta Memoria redactada polo Arquitecto Técnico Pablo Castro Feijó
Consta proxecto básico e de execución para substitución de carpintería exterior de vivenda redactado polo Arquitecto Xoan Xoxé Martínez Costa visado o 09.10.2019
Consta informes favorables do Técnico Municipal de Patrimonio de 18.09.2019 e 21.10.2019
Consta ditame favorable da Comisión Municipal de Patrimonio en sesión de 19.09.2019.
Emitiuse informe do Arquitecto Municipal, favorable, do 31.10.2019
Consta informe de Secretaría, favorable de 05.11.2019

De acordo cos informes técnicos e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de obra a H. J. V. R. para substitución de carpintería e pintura exterior de vivenda na Rúa Novedades, nº 9 de acordo co proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto Xoan Xoxé Martínez Costa visado o 09.10.2019

Outros datos do expediente:

- a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza Solo urbano Plans Especiais PE-1. Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Cambados
- b) Referencia Catastral: 35375356NH1057N0001PT
- c) Orzamento: 10.113,70 €
- d) Uso: Vivenda

Condições:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude:

- a) As únicas obras autorizadas son as definidas na documentación aportada.
- b) As obras serán dirixidas polo Arquitecto D. Xose Xuan Martínez Costa
- c) En relación á ocupación da vía pública, deberán ser autorizadas e solicitadas no concello previamente a súa ocupación, debendo solicitar o correspondente permiso.
- d) Deberanse cumprir as normas de seguridade e saúde nas obras, así como as condicións necesarias do centro de traballo.
- e) Non se autoriza a incrementar volume da edificación, nin a executar obras que poidan afectar a elementos estruturais.
- f) Non se autoriza a modificar, alterar, reformar ningún elemento estrutural, tanto principal como secundario, no definido no proxecto,
- g) Deberá dispor a pe de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
- h) Non se autoriza ningún movemento de terras, execución de gabias ou arquetas na vía pública.
- i) As obras executaranse coa debida comunicación do seu comezo ás empresas subministradoras, de ser o caso.
- j) Antes do comezo deberá colocar un valado de protección, para o cal deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal e/ou provincial u autonómico si se realiza no solo público.
- k) No seu caso, deberase incluír no proxecto de execución o proxecto de estadas

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0032 Data: 13/11/2019



Cod. Validación: <http://cambados.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 13

7.- Expediente 3059/2019. Comunicación previa.- Cambio de carpintería exterior na Rúa Sevilla, 30 - 3º IZ (Promotora: R. N. N.)

Rfª Catastral: 5276322NH1057N0008TS
Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30/09/2019, no que se declara completa a documentación presentada.
A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior

8.- Expediente 5682/2019. Subvención directa I.E.S. Francisco Asorey - Concurso Literario "Cambados Mar de Letras"

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, de data 05/11/2019, que é do seguinte tenor literal:

"Considerando o interese do IES Francisco Asorey na difusión e a promoción da Lingua e a Cultura, promovendo o descubrimento daqueles alumn@s que destaquen pola súa creatividade literaria, e favorecendo a publicación das súas primeiras obras en edicións que lles animen a continuar na súa faceta creativa, a través dun Concurso Literario que baixo o nome de "CAMBADOS MAR DE LETRAS", nas modalidades de Relato Curto e Poesía, premie as obras d@s alumn@s máis destacad@s.

Considerando que o Concello de Cambados ven desenvolvendo actuacións encamiñadas á difusión e promoción da Lingua e a Cultura, sendo o obxecto da actividade pretendida polo IES Francisco Asorey de utilidade pública e interese social e complementaria de estas actuacións.

Visto que o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en dito artigo que, entre outras, atribúe competencias municipais propias en materia de promoción cultural.

Considerando que as razóns que xustifican a concesión directa desta subvención veñen determinadas polo interese público e social da actuación a desenvolver, así como polo seu carácter singular que dificulta a súa convocatoria pública. Trátase dunha actividade concreta que só se realiza pola entidade beneficiaria e cuxo fin ven a contribuír ao fomento da lingua e da cultura no ámbito municipal, complementando as actuacións municipais nesta materia.

Visto que a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados (BOPPO nº 217 do 10 de novembro de 2004) dispón no seu artigo 2, segundo parágrafo, que se poderán conceder subvencións directas mediante resolución ou acordo motivado do órgano competente cando por razón da natureza da actividade ou das características da persoa ou entidade que teña que executar aquela actividade non sexa posible promover a concorrencia pública.

Visto que a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados (BOPPO nº 217 do 10 de novembro de 2004) dispón no seu artigo 15, último parágrafo, que se poderán realizar pagos anticipados cun límite máximo do 80 % do importe concedido.

Visto que, segundo consta no expediente, queda acreditado que a referida entidade atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non está incurso nas prohibicións para obter dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Visto o Convenio de colaboración proposto para formalizar a presente subvención e no que se recollen as obrigas e compromisos do beneficiario para aplicar a subvención e xustificala.

Á vista do expediente de subvención tramitado e emitido informe de fiscalización previa pola Intervención con data 05/11/2019, de conformidade co artigo 21.1 f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Decreto de delegación de competencias nº



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0032 Data: 13/11/2019



Cod. Validación: <http://cambados.sedelectronica.gal/>